



MISA CON NENOS

26 de maio de 2019

Domingo 6º de Pascua-C
S. Xoán 14, 23-29: "Viremos a el e faremos morada nel".

Mensaxe: A Palavra de Deus é Xesús e resoa polo Espírito....



La Palavra de Dios es **Jesús**
y resuena para mí, por la acción de Espíritu

1. ACOLLIDA

Irmáns E irmás: Dispoñámonos a participar activamente nesta eucaristía. Sobre o altar poñamos as nosas preocupacións, a nosa vida. Neste 6º domingo de Pascua, pedimos polos enfermos e recordamos o noso compromiso de crentes de acompañalos desde a comunidade parroquial. E abramos o corazón ás lecturas deste domingo que nos din que o que garde e viva a Palavra de Deus, o Pai amarao e Xesús, o Pai e o Espírito vivirán no seu corazón.

(Saímos cun cartel dun corazón grande cunha frase: Deus quere vivir en min).

-No nome do Pai... Que Cristo resucitado, que nos regala o amor do Pai, sexa convosco.

2. ASPERSIÓN COA AUGA

MONICIÓN á Aspersión: Coa alegría de ser seguidores de Xesucristo, recordemos agora o noso bautismo, que nos fixo fillos de Deus e nos encheu do seu Espírito. (Aspersión)

-Que Deus todopoderoso nos purifique do pecado e, pola celebración desta eucaristía, fáganos dignos de participar do banquete do seu Reino. Amén.

3. PERDÓN (Alternativa)

Ao Pai rico en misericordia pedímoslle perdón polos nosos pecados.

-Porque nos dás a Cristo que se fai presente entre nós, cada domingo na eucaristía. **Señor ten piedade de nós.**

-Porque nos dás a Cristo que se fai Pan e Palavra na mesa do Pan e da Comuñón. **Cristo ten piedade de nós.**

-Porque nos dás a Cristo que nos trae a paz e o Espírito Santo, e queda connosco. **Señor ten piedade de nós.**

4. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Na primeira lectura veremos como xa nas primeiras comunidades cristiás xorden os primeiros conflitos, pero Paulo e Bernabé son enviados para atopar unha solución. O libro da Apocalipse preséntanos unha imaxe da Igrexa, o pobo dos seguidores de Xesús. No evanxeo, Xesús dinos que o Pai e el queren que lles deixemos vivir no noso corazón.



5. PETICIÓNS

A Xesús resucitado, que co Pai e o Espírito queren habitar en nós dicímoslles: -Queda comigo, Señor.

1. Que a igrexa nos regale o perdón de Deus e o seu amor feito Pan. **Oremos.**
2. Que o Espírito santo nos leve a seguir a Xesús. **Oremos.**
3. Que vexamos e tratemos a todos como irmáns. **Oremos.**
4. Que fagamos sitio a Deus nas nosas vidas. **Oremos.**
5. Que o noso corazón sexa a casa permanente de Deus. **Oremos.**
6. Que gardemos a Palavra de Deus e a vivamos. **Oremos.**
7. Que descubramos a Deus ao noso lado acompañándonos. **Oremos.**
8. Que valoremos a misa do domingo acudindo xuntos en familia. **Oremos.**
9. Que coidemos os enfermos dándolles o noso agarimo e axuda. **Oremos.**
10. Que recemos a María e acudamos a ela todos os días do ano. **Oremos.**

Escoita, Xesús resucitado, a nosa oración, e dános o teu Espírito Santo. Ti que vives e reinas...



Juan 14:23

6. OFRENDAS

UN ENFERMO (UN ENFERMO, IMPEDIDO OU ANCIÁN DA COMUNIDADE): Aquí me tes, Señor. Non é fácil estar enfermo nunha sociedade de sans e que sinte o fracaso pola enfermidade ou a morte. Con todo, son consciente do teu amor e noto a proximidade do teu Espírito e a caridade dos irmáns. Ofrézoche hoxe todos os meus sufrimentos e pídoche os unas aos do teu Fillo Xesucristo, como unha semente plantada en favor dos demais.

MEDICINAS: Con esta bandexa de medicinas queremos, Señor, representar os sufrimentos de todos os enfermos da nosa parroquia, da nosa familia, da nosa diocese, do noso colexio. Que a Eucaristía, Xesús, sexa a fonte da nosa forza e de nosa saúde.

PAN E VIÑO: Con este pan e este viño queremos traer ata o altar o noso desexo de vivir unidos a Deus, de permanecer no seu amor, de deixar que El more nos nosos corazóns para ser o motor das nosas vidas.


7. VIDEOS 6º PASCUA (Faremos morada nel)

- Xoán 14,23-29. A promesa do Espírito Santo, película: <http://youtu.be/1juzUjHrIGU>
- Máis que palabras, reflexión: <http://www.quierover.org/portal/watch.php?vid=0b084caf7>
- Soño de paz, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=lcmOCW8IDdk>
- Confiar na súa presenza, reflexión: <http://youtu.be/5U4mSLbeV-s>
- Se me amas, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=HEJDM9kcAI>
- Permanezan no meu Amor, Javier Brú, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=Bx1eCNEswRY>
- Ninguén te ama coma min, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=RPlufPJ07Mo>
- A paz vos deixo, Xn 14,27, canción: <http://youtu.be/AB1697wh0hs>
- Xesús ámote (Crer en ti), canción: <http://youtu.be/Xdj8cv8cCj8>
- Ser nai: <https://www.youtube.com/watch?v=7Gg4wglRCsY>



8. SUXESTIÓNS:

- Busquemos momentos para ocuparnos da nosa vida interior, o silencio, a oración, todo o que nos axuda a que Deus viva de verdade no meu corazón.
- Evítade os insultos, as faltas de respecto, pois no outro habita Deus.
- É o día do Enfermos: preparade algún detalle para cos enfermos da parroquia; flor, a oración do enfermo, unha frase como: “a túa parroquia reza por ti e recórdate na túa enfermidade”. Poderíase facer tamén a celebración comunitaria da Unción tras unha axeitada preparación.
- Fixemos moitas peticións por se coincide coa celebración de primeiras comuñóns e participen todos.
- Un cartel grande dividímolos en dúas partes, unha pequena e de negro (na que escribimos MEDO) e outra grande de cores (na que escribimos PAZ). Separa as dúas partes a palabra XESÚS en vertical. A idea é que vexan que o que máis paz nos dá non son as cousas sen as persoas (ex: Xesús levou paz) e os medos veñen de situacións.



ORACIÓN POLO ENFERMO 2019

**Estiven doente e visitáchesme, chamáchesme polo meu nome,
e viñas cada mañá riseiro a dicirme: bos días.**

**Fun para ti alguén, e non algo,
aceptaches con paciencia as miñas impaciencias,
e sempre que viñas verme dábasme paz.**

**Eu atopábame con medo, asustado;
ti acolléchesme con serenidade e con agarimo,
e deches a volta á miña almofada para que me sentise mellor.
Tratáchesme con competencia e déchesme o que máis necesitaba:
agarimo, comprensión, escoita e amor.
E con todo iso déchesme a Deus.**